

No marco das Axudas ó emprego para a contratación de xóvenes cun período mínimo de permanencia (Institucións), solicitouse a subvención dos programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro dirixido a mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil para o programa “ESTIMULACIÓN COGNITIVA PARA PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS”.

Este programa, desenvolvido pola **Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias – AFAL Ferrolterra**, foi subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante resolución de data 01 de outubro de 2019, estando cofinanciada esta subvención polo **FONDO SOCIAL EUROPEO** e a Iniciativa de Emprego Xuvenil nun 91,89%, a través do Programa Operativo de Emprego Xuvenil, Eixe Prioritario 5, Prioridade de Investimento 8.2, Obxectivo específico 8.2.4, Medida 8.2.4.2 para a contratación dunha Xerocultora.

Con esta contratación preténdese traballar a estimulación cognitiva para mellorar o máximo posible o benestar físico, psicolóxico, social e vocacional das persoas con demencia, a través de tarefas que ralenticen o declive cognitivo e funcional das áreas que todavía tivesen preservadas, diminuindo, na medida do posible o deterioro derivado da enfermidade.

Serán obxectivos do programa que a traballadora poida adquirir competencias profesionais relacionadas co coidado e atención directa dos/as usuarios/as, e tamén habilidades máis encamiñadas ao terreo socioeducativo e á animación estimulativa.

Como resultado espérase que a traballadora acade a inserción laboral.



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA